



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

DEIXANDO PEGADA

Vigo, 11 de Outubro de 2011

Por se algún traballador/a, non se decatara, vaise proceder ó cambio na cúpula da Dirección de RR.HH. (Director e Xefe de Persoal). No caso do Director, ninguén fixo tanto en tan pouco tempo (escasos 4 anos). Ó responsable do principal capital que ten un Centro de Traballo, O HUMANO, o Grupo, vai encomendarlle novas singladuras...

Nesta súa despedida, dende a C.I.G., podíamos ser indiferentes, pero sería de moita hipocrísia que, como organización sindical, non fixeramos balance da súa xestión. Balance onde, ó noso entender, e apesares da nosa oposición, as condicións socio-laborais sufriron un deterioro como consecuencia das medidas e novos sacrificios que sobre ós traballadores/as se nos veñen aplicando.

Grazas o seu paso, -curto pero intenso-, e con independencia de que... "detrás *vendrá quien bueno me hará*" por primeira vez, nos máis de 50 anos de vida deste Centro, desátanse unha serie de decretos:

- *Eliminación do transporte colectivo subvencionado pola empresa e, ó tempo, potenciar unha política na redución dos accidentes en itinire.*
- *Proceder, de forma arbitraria, ó cambio de profesionais.*
- *Acometer, no terreo disciplinario, o maior número de sancións e despedimentos arbitrarios... (caso Javi e outros).*
- *Desequilibrar as producións abocando unha parte do cadro de persoal a un ERE sen a cobertura do 100%.*
- *Condicionar os principios como a liberdade que temos cada un de nós como traballadores/as ó preguntarnos (ou Velas ou ERE)*
- *Implantar "Chantieres ou Hosins" para, de forma sistemática, incrementar os ritmos de traballo.*
- *Aplicar o sistema chamado "empregabilidade" para que os traballadores/as con limitacións se lles esixa a realización do 100% do posto.*
- *Negar o recoñecemento de moitas das patoloxías profesionais.*
- *Paralizar a Xubilación Parcial durante 2 anos.*
- *Conxelar as Novacións dos Contratos.*
- *Descansar, a toque de teléfono, toda responsabilidade industrial nos salarios dos traballadores/as (caso do provedor Agrati), cando PSA tivo moito que ver.*
- *Como broche, que mellor, deixar implantada a Flexibilidade laboral horaria na quenda de día..*
- *E para todo este curriculum a despedida non podía ser outra que unha carta... de sanción a un traballador.*

Se isto era o que pretendía pode irse medianamente satisfeito, a súa pegada neste Centro queda gravada na memoria colectiva así como na sociedade. Pero apesares de pretender adoutrinarnos nas normas de comportamento e na cultura laboral nipona, estamos seguros que como traballadores/as na Fisterra de Europa nunca deixaremos de mirarlle ós ollos ó Emperador.

Bon voyage.

Confederación Intersindical Galega